

DITAME

sobre o

**Anteproxecto do Plan director do
sector forestal - madeira
2026-2028**



APROBADO POLO PLENO O 24 DE ABRIL



Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2026, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Manuel Pérez Álvarez
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Anxo Noceda Carballo María Xosé Alonso Rodríguez Lucía Freire Ces Héctor López de Castro
UGT-Galicia	Jose Carlos Rodríguez del Río Delia Irene Martínez Conde Eladio Romero Ares
CC.OO.	Maica Bouza Seoane Xesús Castro Baamonde

GRUPO SEGUNDO

CEG	Jose Manuel Vieites Baptista de Sousa Antonio Fontenla Ramil Francisco Couso Cantos Jorge Cebreiros Arce Jose María Corujo Seguido Jose Ignacio López-Bachiller Fernández
-----	--

David Martínez Alonso
Cristina Rama Molinos
Ana Belén Vázquez Eibes
César Blanco Gómez
Lourdes Pardo Dominguez
Román Gómez Crespo

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Alba Torreira Puga Jacobó Feijoo Lamas
SLG	Ramón Barreiro Carnota Xosé Pérez Rei
Economía social	Mar Pernas Vázquez
Confrarías	José Basilio Otero Rodríguez Jose Manuel Rosas Otero
Consumidores	Miguel López Crespo Rosa Otero Raña
Universidade de Santiago	Melchor Fernández Fernández
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro

acordou emitir por maioría o ditame que literalmente se transcribe de se-
guido:

ANTECEDENTES

1.- En data 26 de xaneiro de 2026 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto do Plan director do sector forestal-madeira 2026-2028.

Este organismo resulta competente para o ditame deste Plan Director de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do Plan Director foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e aos demais membros do Consello da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria do Plan Director forestal madeira.

4.- En data 2 de febreiro de 2026, compareceron na Comisión sectorial nº 1 o director da Axencia Galega da Industria Forestal, Alfredo Fernández Ríos, a xefa do Servizo de promoción industrial, Belén Yáñez Barge, e o profesor da

Universidade de Vigo Juan Picos Martín para presentar e explicar o Plan director do sector forestal-madeira 2026-2028.

5.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 7/26, de data 13 de abril, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

6.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que, na súa sesión 2/26, do 24 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto do Plan Director do sector forestal-madeira 2026-2028.

.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Entendendo que o propio Plan indica que se centra na dimensión industrial, o CES estima que debe poñerse ao mesmo nivel a produción primaria que o sustenta. O sector forestal primario non só achega materia prima, senón que desempeña un papel esencial na ordenación do territorio, na prevención de incendios e na fixación de poboación no rural.

O Plan director do sector forestal-madeira debe configurarse como un instrumento integral que combine rigor na diagnose, aposta decidida polo emprego de calidade, mellora das condicións de seguridade laboral, impulso á formación especializada e transformación do modelo produtivo cara a un maior valor engadido e sustentabilidade.

2.- O Plan presenta unha formulación ampla e sistemática, cun número elevado de prioridades e medidas. Non obstante, o CES entende convinte establecer unha xerarquización máis clara das actuacións propostas, así como incorporar unha memoria económica detallada que identifique a dotación orzamentaria asociada a cada liña de intervención.

Aínda que o documento incorpora indicadores económicos de contexto, o CES considera recomendable reforzar a análise da dimensión social e laboral do sector, co fin de facilitar unha avaliación integral do seu impacto.

En relación coa gobernanza, o CES estima necesario concretar con maior precisión a composición, funcións e periodicidade dos órganos de seguimento previstos; así como garantir a participación das organizacións sindicais no dito seguimento.

3.- O CES entende que o Plan debería contemplar medidas de axilización administrativa para facilitar na medida do posible a actividade empresarial, cumprindo coa lexislación establecida a tales efectos.

4.- No que respecta ao proceso de elaboración do plan director, o CES bota en falta tanto a participación da representación das persoas traballadoras como a participación dos centros de formación, tanto formación profesional como formación universitaria.

5.- Aínda que o Plan prevé comisións de seguimento e mecanismos de avaliación pública bianual, o CES estima necesario definir con maior precisión os indicadores de resultado e impacto, establecer un calendario de avaliación por anos e prever a participación dos axentes económicos e sociais nos órganos correspondentes.

Así mesmo, o CES considera que os mecanismos de avaliación do Plan deben garantir a transparencia sobre as entidades beneficiarias, as contías das axudas e os impactos sociais, laborais e ambientais.

6.- O anteproxecto non incorpora unha diagnose detallada da situación do emprego no sector forestal-madeira. O CES considera convinte incluír información desagregada sobre tipoloxía contractual, estabilidade no emprego e evolución da ocupación, que complementarían ás actuacións previstas en materia de formación profesional e captación de talento. Así mesmo, recoméndase integrar referencias á estrutura da negociación colectiva e datos relativos á sinistralidade laboral e ás condicións de seguridade e saúde. Considérase oportuno que as actuacións orientadas á mellora da competitividade empresarial incorporen obxectivos explícitos en materia de estabilidade e calidade do emprego.

7.- O sector forestal e da madeira presenta índices elevados de sinistralidade, por tanto, dada a relevancia da prevención de riscos no sector forestal, o CES recomenda reforzar e impulsar a labor do ISSGA nesta materia mediante a definición dun marco específico de actuación, con indicadores diferenciados de seguimento.

8.- En canto ao contido do plan, aínda sabendo que a parte da produción non forma parte do ámbito deste plan de forma directa, o CES bota en falta o establecemento de pontes de comunicación estables e continuadas coa parte que represente a produción de madeira para construír un sector que axuste o máximo posible as producións forestais ás demandas das diferentes industrias, para tratar de cubrir a demanda de madeiras de calidade cunha maior produción de especies autóctonas.

9.- O documento está dirixido aos CNAEs industriais, é dicir, 16,17 e 31, aserrado, fábrica de taboleiro e industria de papel e moble. A non inclusión do CNAE 02, silvicultura, que fai referencia ao primeiro elo da cadea Forestal-Madeira, obvia a necesaria conexión entre mercado e recurso forestal. O CES considera necesario reconducir a conexión co primeiro elo da cadea, sendo base para o desenvolvemento posterior de calquera outra actividade, e, na mesma liña, incluír no ámbito do Plan outras producións forestais máis alá da castaña.

10.- O plan non contempla as producións de madeiras de calidade vinculadas a procesos artesanais como a fabricación de instrumentos musicais ou obxectos de artesanía con madeira e outros materiais. O CES considera que se trata de ámbitos de produción e comercialización de alto valor engadido que, aínda que teñen pequena dimensión, non deberían quedar á marxe do plan director, pois son partes do sector que están funcionando a día de hoxe e poden ter futuro cunha boa planificación e apoio institucional.

11.- O monte galego constitúe un recurso natural estratéxico e un ben de interese público que, en opinión do CES, debe ser xestionado baixo criterios de sustentabilidade ambiental, cohesión territorial e peche dos ciclos produtivos en Galicia; e tendo en conta o deber das administracións públicas de velar polo cumprimento da normativa existente.

12.- O CES considera que sería recomendable vincular os procesos de transformación dixital á formación continua, á recualificación profesional e á adaptación das competencias das persoas traballadoras.

13.- O CES considera que o Plan director debe garantir que os recursos forestais de Galicia non se destinen maioritariamente á exportación de materia prima de baixo valor engadido. As axudas públicas deben orientarse de forma preferente a proxectos que:

- Pechen os ciclos produtivos en Galicia.
- Aposten pola segunda transformación da madeira.
- Xeren emprego industrial estable e cualificado.

14.- O CES estima que o Plan forestal debe manter un enfoque territorial e de proximidade. Para este fin sería convinte incluír un Eixe Territorial con actuacións e criterios de reparto de fondos baseados no impacto territorial.

15.- O CES entende que, en coherencia co marco europeo de transición verde e economía circular, a madeira e a biomasa leñosa deberían destinarse preferentemente á fabricación de produtos derivados de longa vida útil, promovendo a reutilización e a reciclaxe, e reservando o aproveitamento enerxético como opción posterior, especialmente vinculada a subproductos, fraccións residuais, madeira ao final da vida útil e materiais non aptos para a súa valorización material.

16.- O CES considera que as medidas debe incluír prazo de inicio e fitos intermedios.

17.- O CES considera que o Plan director debe incorporar como eixos transversais tanto a prevención dos incendios forestais como a restauración despois dun incendio e a protección ambiental.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- No que se refire á cadea de valor forestal-madeira (*páxina 36*), o CES considera imprescindible descender a un maior nivel de detalle na análise por CNAE e incorporar outros indicadores que permitan cuantificar con maior precisión o emprego directo e indirecto, así como o impacto real sobre a economía rural galega.

2.- O CES considera que a diagnose referida na *páxina 38* do documento na análise das magnitudes sectoriais debería estenderse a toda a cadea de valor forestal-madeira.

3.- O CES considera que se deberían incorporar elementos ao DAFO como é engadir, dentro das fortalezas no ámbito da formación para o emprego, a existencia dos Centros Integrados de Formación Profesional, que poderían ampliar a súa especialización cara ámbitos como a silvicultura avanzada, xestión forestal sostible, madeira estrutural e deseño e fabricación de moble.

Dentro das debilidades é preciso por de manifesto a escasa incorporación da muller ás actividades ligadas ao aproveitamento forestal.

4.- No DAFO identifícase como oportunidade a previsión dun importante aumento da escaseza de madeira en Europa. O CES entende que esta oportunidade pódese tornar en ameaza, se tensiona os prezos ata o punto de por en risco a sostibilidade da subministración á industria local.

5.- En relación co modelo produtivo (*páxina 45*), o CES considera que o Plan debe avanzar decididamente cara a un maior valor engadido, reducindo a dependencia de produtos estruturais importados e impulsando a transformación local da ma-

deira galega. A diversificación forestal, mediante a promoción de frondosas autóctonas e unha planificación forestal a longo prazo, resulta estratéxica tanto desde o punto de vista económico como ambiental. A excesiva dependencia de determinadas especies e a orientación cara a modelos de produción de baixo custo limitan o potencial de desenvolvemento industrial, máis en elementos estruturais da construción que dependen da importación. O obxectivo debe ser consolidar unha cadea de valor completa en Galicia, desde a xestión sostible do monte ata a fabricación de produtos estruturais de alto valor engadido.

6.- En relación coa revalorización de madeira como referente no deseño (*páxina 46*), o CES propón que se mencione, ademais dos exemplos de empresas de fóra, algunha empresa galega de referencia.

7.- No epígrafe “**Persoas**” (*páxina 55*), introdúcese a perspectiva de xénero, mais é unha cuestión que, en opinión do CES, debería ter maior desenvolvemento ao ser un sector cunha marcada infrarepresentación das mulleres.

8.- No epígrafe “**Internacionalización**” (*páxina 59*), o CES estima que cómpre unha revisión dos datos relativos ao valor das exportacións no ano 2022, xa que a cifra que manexa o sector é superior á que se recolle no documento.

O CES tamén considerada necesario unha análise máis exhaustiva e desagregada para unha mellor comprensión da magnitude do movemento de madeira a nivel nacional e internacional, así como o seu impacto en Galicia.

9.- No epígrafe “**Sustentabilidade**” (*páxina 61*), o CES estima que se deben priorizar proxectos que combinen xestión sostible con xeración de valor (biomasa de calidade, produtos de madeira avanzada, economía circular), a través de incentivos para prácticas que reduzan o risco de incendios e aumenten a resiliencia (cortes selectivos, cortalumes, rexeneración).

10.- Tal como se recolle no texto do documento (*páxina 62*), *“O desenvolvemento de novos negocios e o incremento da visibilidade exterior de Galicia como rexión especializada require un enfoque integral (...)”*. O CES entende que neste enfoque deberían incluírse outros aspectos novidosos que supoñen oportunidades para o sector industrial galego.

11.- O sector forestal sofre unha grave situación en canto á escaseza de persoal en todos os elos da cadea. O relevo ou substitución de persoas traballadoras que están próximas á xubilación é un dos desafíos aos que se enfrontan as empresas, a maiores da limitación de crecemento pola falta de man de obra.

De novo, esta situación agrávase nas empresas cuxa actividade está ligada aos aproveitamentos madeireiros, e que desenvolven a súa actividade en concellos pequenos, onde o despoboamento das áreas rurais incide directamente na falta de persoal novo que aposte por incorporarse a estas empresas.

O CES estima que, se ben parte das medidas de impulso do emprego poden ser un acicate para impulsar a incorporación de persoas mozas ao sector, considérase convinte reforzar a estabilidade e calidade do emprego, os programas de incorporación de persoas inmigrantes ao sector, e a posta en marcha de programas de formación dual e recualificación e oficios forestais, manexo de maquinaria, xestión sostible e transformación industrial.

12.- O CES entende necesario recoller de maneira concreta a problemática que teñen os serradoiros de madeira que son terceira ou cuarta xeración nados nunha contorna rural, próximos a núcleos rurais ou en chan rústico, coa súa clasificación posterior.

Tales serradoiros, que evolucionaron para ser competitivos, investindo en maquinaria e adaptándose aos tempos, atópanse con limitacións ao seu mantemento e adaptación ás novas tecnoloxías, dado que deben cumprir a Lei

2/2016, do Solo de Galicia, que limita de maneira drástica calquera posibilidade de crecemento nas áreas referidas.

O fortalecemento da actividade económica e a fixación de poboación en áreas rurais requiren garantir a continuidade da transformación da materia prima de maneira local (produto de quilómetro cero e con menor impacto ambiental) e incluír aqueles serradoiros que realicen segunda transformación, os cales seguindo o proceso natural de transformación, aposten por dar maior valor ao produto elaborado.

13.- O CES considera que se debería incluír un novo punto F3.4, para a incorporación doutras infraestruturas que faciliten a extracción e transporte da madeira dende o monte ata os centros de produción.

14.- No que respecta ás axudas para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais, no ámbito da construción e a rehabilitación, especialmente das actuacións públicas, o CES propón reforzar o enfoque de descarbonización non só nos materiais estruturais, senón tamén en revestimentos, chans, paneis e solucións interioristas, así como en embalaxes e envases, onde a substitución de plásticos e materiais fósiles por solucións baseadas en madeira/celulosa pode acelerar a economía circular e consolidar novas capacidades industriais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Vº e P.
O PRESIDENTE
Manuel Pérez Álvarez

O SECRETARIO XERAL
Manuel Martínez Varela

VOTO PARTICULAR

**VOTO PARTICULAR
DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)
AO DITAME do ANTEPROXECTO DO PLAN DIRECTOR
DO SECTOR FORESTAL-MADEIRA 2026-2028**

Desde a CIG consideramos que o Plan Director do Sector Forestal-Madeira 2026-2028 parte dun diagnóstico parcial e dun enfoque orientado a intereses empresariais, centrado na competitividade, na captación de investimento e no crecemento da produción, sen garantir que os recursos naturais forestais de Galiza reverten efectivamente en beneficios sociais, laborais, territoriais e ambientais para o conxunto do pobo galego.

Así mesmo, neste documento non se recollen ás achegas que afectan a este recurso nin aos criterios xerais e obxectivos que contén o ditame do Consello Económico e Social de Galiza ante a Lei de beneficios sociais e económicos dos recursos naturais de Galiza.

O monte galego constitúe un recurso natural estratéxico e un ben de interese público que debe ser xestionado baixo criterios de sustentabilidade ambiental, cohesión territorial, creación de emprego digno e estable, peche dos ciclos produtivos en Galiza e control público efectivo. Sen estes principios, non pode falarse dun verdadeiro desenvolvemento do sector forestal-madeira.

Neste liña o Plan Director debe incorporar de maneira expresa e como obxectivo estratéxico a superación do actual modelo baseado no monocultivo de especies foráneas e pirófilas, nomeadamente o eucalipto, pola súa relación directa co aumento do risco de incendios forestais, a degradación do solo, a perda de biodiversidade e o abandono do rural.

Por iso, en canto o modelo forestal e de ordenación do monte, é necesaria

unha redución progresiva da superficie ocupada por eucaliptos e outras especies invasoras e das plantacións ilegais en terras agrarias e bosque autóctono.

Así mesmo, e preciso establecer unha moratoria indefinida para novas plantacións de Eucalyptus e outras especies pirófilas dándolle prioridade absoluta ás frondosas autóctonas, á silvicultura de calidade e aos modelos de monte multifuncional.

Por todo isto, a CIG formula sete achegas co obxectivo de reorientar o Plan Director cara a un modelo forestal socialmente xusto, ambientalmente sustentable e economicamente útil para o país.

Por outra banda, deben quedar excluídos das axudas os proxectos de carácter meramente extractivo ou aqueles que non garantan un retorno económico e social claro para o territorio, especialmente os que non impliquen creación e mantemento do emprego no sector, redución da precariedade laboral, existencia de negociación colectiva de ámbito galego e de representación sindical.

En canto a xestión e control dos fondos o Plan Director non garante que esta sexa integramente públicos e que a decisión nin gobernanza das políticas forestais teñan participación do capital privado. Estes Fondos públicos teñen que ser destinados exclusivamente a proxectos de interese social e territorial.

Por elo a CIG considera que o Plan Director do Sector Forestal-Madeira 2026-2028 corre o risco de converterse nun novo instrumento ao servizo do capital privado e das grandes empresas, sen resolver os problemas estruturais do monte galego nin garantir emprego digno, sustentabilidade ambiental e cohesión territorial.

É por todo o antedito que presentamos este voto particular.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2026

